

Os Presidentes das Federaci3ns Galega e Provinciais de Cofrarías de Pescadores de Galicia organizaron para o día de hoxe una reuni3n informativa para que técnicos da Consellería do Mar e das confrarías de pescadores expuxeran o proceso de tramitaci3n das axudas comprometidas pola Xunta de Galicia para paliar as perdas do marisqueo acaecidas despois das intensas chuvias dos meses de outubro e novembro do ano pasado.

Se quere destacar o intenso traballo realizado por partes das federaci3ns e da Consellería do Mar para consensuar estas axudas, traballo concienzudo e que se ven desenvolvendo desde o mes de decembro. Dende as federaci3ns agradecemos o traballo das confrarías de pescadores aportando informes, estudos e propostas para conseguir levantar esta catastr3fica situaci3n na que se encontra o sector.

Somos coñecedores da realidade e da baixada de producci3n que o sector marisqueiro estaba notando nas últimas campañas; as Federaci3ns levan demandando estudos profundos e serios ás distintas administracións para poder coñecer e paliar os motivos que están a provocar este declive que vai en contra da supervivencia do propio sector na nosa comunidade.

Sendo conscientes de que a axuda acadada non alcanza as posibles expectativas do propio sector foi o máximo que se puido conseguir neste momento e o que as federaci3ns queren transmitir é que se pretende que esta medida veña acompañada dun plan de acción sobre o marisqueo que aporte futuro ao sector e as comunidades costeiras.

Ademais das negociación coa Xunta de Galicia que destinou de fondos propios 5 millóns de euros, dende as confrarías se está traballando na consecuci3n doutra serie de compromisos como a modificaci3n da normativa estatal relativa a cuesti3n da seguridade social que depende do goberno central. De feito estes asuntos foron tratados no encontro mantido co Ministro de Pesca o pasado sábado.

O compromiso das federacións e das confrarías galegas é loitar polo sector e así o seguiremos facendo pese a quen lle pese e así sabemos que é recoñecido pola totalidade do sector profesional.

Con respecto as declaracións vertidas polos portavoces dos convocados á manifestación do pasado domingo 21 de xaneiro e, por alusións, os presidentes das federacións galega e provinciais de confrarías maiores da maioría das confrarías de pescadores que hai en Galicia queren indicar o seguinte:

1. Non se recibiu convocatoria oficial nin solicitudes de apoio a esta manifestación no seo das federacións de confrarías.
2. Para apoiar calquera mobilización como corporacións públicas que son as Federacións e as confrarías deben convocar aos seus máximos órganos de goberno e decisión en tempo e forma.
3. As federacións de confrarías e as confrarías sempre encabezaron as manifestacións máis importantes en defensa do sector e convocadas con razóns de peso, independentemente do signo político que ocupara a dirección do goberno galego.

O sector é coñecedor da realidade e das manifestacións que dende as confrarías se teñen apoiado como son o posicionamento contra os parques eólicos, ou defensa do sector do percebe xa solo por citar os mais recentes.

As circunstancias acaecidas nestes días deron pe a búsqueda de rédito político ante a inminente celebración de eleccións ao parlamento galego e, dende as federacións de confrarías rexeitamos o uso partidista dunha problemática Pesqueira como pode ser o coidado mar ou a situación da produtividade dos bancos marisqueiros.

As confrarías e as súas federacións teñen defendido, defenden e defenderán o mar e a súa xente 24 horas ao día os 365 días do ano e así continuará facéndose a diferenza doutras organización que son manipuladas seguindo outras directrices.

4. Rexeitamento da politización da crise dos pelets que o que están a provocar é a baixada dos prezos dos produtos do mar e a desconfianza do consumidor sen fundamento.

Destacamos a campaña PON PEIXE E MARISCO GALEGO NO PRATO que acompañados da Asociación galega de depuradores impulsamos a pasada fin de semana.

5. Indicar que as opinións vertidas en redes por supostos influencers ou youtubers galegos que se arrogan unha representatividade do sector Pesqueiro galego, sen ter sido elixido como representante por ningún dos seus compañeiros criticando e incluso difamando sobre a figura e a xestión das confrarías de pescadores e as federacións, causaron un profundo malestar nas confrarías de pescadores e invitan a personaxes como este a deixarse de protagonismos e a que loiten no día a día polo seu sector, colaborando e non criticando sen aportar solución.
6. Por outra banda, aclarar que as federacións de confrarías e as confrarías de pescadores non van permitir a modificación de normativa que lles atinxe sen contar co seu consenso.

Se detectan asociacións que están abandeirando unha equivocada defensa das mulleres do mar atacando ás confrarías de pescadores. En resposta as provocacións pedimos ás mulleres do sector que participen activamente e apoiem o labor da súa confraría pensando no ben común e no futuro dos seus pobos.